

DISCURSO DE MANUEL BALTAR NA ENTREGA DO PREMIO OURENSANÍA 2015 A MARILUZ BARREIROS. TEATRO PRINCIPAL 11-11-15

Sr. Alcalde de Ourense,

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia,

Membros do Xurado da Ourensanía,

Mari Luz Barreiros,

Autoridades e representacións,

Ourensáns e ourensás,

Tomo prestadas as verbas de Bieito Iglesias, un referente da ourensanía literaria, autor da laudatio a Marcos Valcárcel no acto de entrega da Medalla de Ouro da provincia, cando se refire en “Ouro de Ourense”, o libro sobre Auria que pronto sairá do prelo, ao espazo físico onde nos atopamos neste momento:

“Subindo pola rúa San Miguel cara á praza do Ferro, teremos á dereita a Rúa da Paz, onde está o restaurado Teatro Principal, que permite imaxinar as formas de sociabilidade e de lecer decimonónicas, especialmente da época da restauración canovista. Se o viaxeiro acredita nas ciencias paranormais quizais poda resgatar, en psicofonía, as voces de Zorrilla recitando ou de Maura e Calvo Sotelo mitineando. Pero imos ao caso: nesta rúa moraron Risco e Otero Pedrayo, de modo que se constitúe no lugar ideal pra meditar sobre o Ourense edificado polos escritores. No mapamundi das letras e polo esforzo novelesco, xunto ao Imperio Tolstoi, o condado Faulkner e o boulevard Balzac, figuran o arrabaldo Blanco Amor, o paseo Risco, o xardín Álvarez de Nóvoa, o toldo circense Casares, a chaira Otero...”

Señoras e Señores: parabéns a todos vostedes no noso Día, no San Martiño, o noso patrono. Que cumpriría 1700 anos en 2016, razón pola que dende o goberno provincial anuncio a celebración en Ourense en novembro do ano próximo dun Congreso Internacional sobre San Martín de Tours, evento no que contaremos coa presenza de prestixiosos e recoñecidos especialistas nacionais e internacionais.

Esa é a principal obriga do goberno de Ourense: traballar con tres eixos básicos: territorio, poboación e identidade. As tres cuestións que nos levan sempre ao concepto, ao sentimento que hoxe nos convoca aquí : a Ourensanía.

Un pobo, o de Ourense, que sempre defino con tres características principais: traballador, emigrante e creativo. Tres características que encaixan perfectamente na figura da premiada este ano 2015, querida MariLuz Barreiros, e por suposto na do seu Pai, Eduardo Barreiros, motor da nosa irrenunciable ambición colectiva.

Permítanme que non deixe pasar a oportunidade de nomear unha cuestión que sintoniza emocionalmente a miña persona coa da distinguida en 2015 co Premio . Sen dúbida a patria común de Nogueira de Ramuín, onde naceron seus Pais e onde fun eu á escola primaria sendo meus Pais mestres alí. Ese Vilar de Cerreda onde aprendín a ler e escribir, a escasos catro kilómetros da Cerreda onde meu Pai exercía o maxisterio e donde era orixinaria a súa Nai, Dorinda Ramos.

Nogueira de Ramuín, berce dun dos nosos sinais de identidade: o afiador. Si se fixan tamén traballador, emigrante e creativo. Cántas patrias poden dicir que seu emblema está nunha das pinacotecas máis importantes do mundo?

Podémolo dicir nós: en L´Hermitage , en San Petersburgo, está o cuadro “El afilador” de Antonio Puga, excelente pintor barroco nacido en Ourense (1602-1648).

Afiadores tan creativos que foron quen de patentar un idioma propio: o barallete. Un barallete estudado por outra referencia da Ourensanía literaria, Ben-Cho-Sey (Xosé Ramón Fernández Oxea) e sobre o que escribiu tamén Camilo José Cela, o noso Premio Nobel, sinaladamente nun artigo publicado en ABC o 21 de marzo de 1999 onde daba conta dunha serie de verbas que Doña Dorinda Ramos lle aportara “xenerosamente”. Sen dúbida a palabra que poderíamos aplicar á personalidade dos ourensáns e das ourensás é a de ACHISCADO, ACHISCADA, que significa “avisado, listo, inxenioso”.

Temos barallete, mais temos o galego, o noso maior tesouro. E temos unha palabra como COLO que serve para definir o instante, cando damos un colo a unha meniña ou un meniño, en que directamente conectamos cos nosos antepasados e coas vindeiras xeneracións, un momento no que transmitimos a mesma intensidade, o mesmo cariño e a mesma forza que nos transmitiron a nós. Por iso digo que a oureñanía tamén é un colo. Ou que os ourensáns contamos co colo da oureñanía.

Felicidades MariLuz, ourensá nacida no Parque de San Lázaro, auténtica embaixadora de Ourense polo mundo, cunha especial querencia por esa Ribeira Sacra para a que estamos traballando pola súa catalogación como Patrimonio Mundial pola UNESCO.

O Xurado acertou plenamente distinguíndote este ano. Un ano de moita importancia para Ourense no eido da empresa e do emprendemento. Porque cumpríronse 50 anos de vida do Polígono Empresarial de San Cibrao das Viñas, verdadeiro pulmón económico da provincia e a gran concentración industrial de Galicia, máis de 8000 traballadores e máis de 320 empresas. Un polígono onde tanto tivo que ver o gran Eduardo Barreiros.

Un polígono que conta hoxe co centro tecnolóxico e de innovación máis importante do noroeste peninsular: o parque tecnolóxico de Galicia. Velaí tamén o noso homenaxe aos que arriscan o seu patrimonio personal, contan con sonos e crean riqueza e postos de traballo para a comunidade na que se desenvolven. Noraboa e parabéns aos empresarios de Ourense tamén con probados éxitos internacionais.



Parabéns Mariluz. Muller decidida, Dama valente, con personalidade definida, que consigues manter, a través da Fundación Eduardo Barreiros, a memoria viva dun dos persoeiros máis importantes da España e da Europa do século XX.

Poñer en valor seu legado, o dun home de Nogueira que industrializou a capital de España, Madrid. O dun rapaz de Ourense que desafiou á técnica e fixo o milagre automovilístico, con forte pegada e consideración a nivel mundial. Un icono da Ourensanía. Unha figura lexendaria para todos nós.

Hugh Thomas, na súa magnífica biografía: “Barreiros. El motor de España” recolle, como é lóxico, toda a traxectoria ourensá da familia Barreiros, comezando por Gundiás, lugar onde naceu Eduardo, o 24 de outubro de 1919 (cumpriría 96 anos), parroquia de San Miguel do Campo, concello de Nogueira de Ramuín.

Raíces ourensás fondas que medran coa instalación, en 1929, dos Barreiros Rodríguez en Ourense capital, cando o primoxénito, Eduardo, cumpre dez anos. As pegadas están aí, primeiro nunha casa alugada, detrás do Hospital e, logo, sucesivamente, en Cardenal Quevedo 8, desde onde pasarán ao número 5 da mesma rúa, unha casa de pedra con garaxe-taller no baixo.

Lord Thomas de Swynnerton, Hugh Thomas, caracteriza o Ourense das décadas iniciais dos Barreiros con dous epítetos luminosos: “Una ciudad brillante y clara”, mestura de “urbana y aún rural, industrial y tradicional, frívola y católica, que estaba, a un tiempo, lejos y cerca de España.”

Interesante resulta o párrafo co que remata o capítulo 7 “ De este modo, la gallega Ourense se convirtió en algo parecido a un primo lejano y viajero: diferente de la España industrial que amanecía, pero con puentes tendidos hacia Inglaterra, América del Sur y del Norte y, por supuesto, la vecina Portugal”. Ahí está: a Ourensanía.

No Epílogo do libro, elaborado a partir de testemuñas (entre as que cómpre salientar as de Mariluz Barreiros) aporta o autor moitos datos que proban o fondo oureñanismo de Eduardo Barreiros, sentimento que levou consigo e con orgullo durante toda a súa vida.

Un sentimento da terra, identidade telúrica, que teñen os Barreiros por vía paterna e materna.

Será o 11 de novembro de 1918, festividade de San Martiño (hai hoxe 97 anos...un mes e seis días antes, en Villa Joaquina, na Avenida de Zámora, fundábase a Coral de Ruada, que logo nos deleitará) cando se coñezan, nun magosto, Luzdivina e Eduardo, proxenitores de Eduardo, Valeriano, Graciliano, María Luz e Celso, avós de Eduardo Javier e Mariluz, e aquí presente. Ese mesmo día, ás 11 da mañá, calaran os cañons e baixaran as baionetas na fronte occidental: remataba a Gran Guerra europea. Unha das maiores traxedias da Humanidade. Festexaba Europa a fin da guerra e uníanse os Barreiros cos Fernández; Gundiás e Sabadelle.

No código de conducta da familia Barreiros, representada hoxe por Mariluz, a nosa galardoada, están contidas as virtudes que nos ennobrecen como oureñáns, como galegos, como españois, como europeos e como cidadáns do mundo.

Son conceptos e normas dun decálogo redactado por D. Eduardo en 1970. Podémoslo resumir en sete palabras: traballo, paixón, lealdade, compromiso, tenacidade, estímulo e fe. As mesmas palabras de xeraciós e xeraciós de homes e mulleres de Ourense, dos que eiquí estamos e dos que andan polo mundo, palabras dos que nos precederon, que temos a obriga de transmitirille aos que nos sucedan. Palabras e sentimentos de honor e de ourensanía.

Esa Ourensanía da que xa se está a elaborar unha tese de doutoramento con primeiras conclusións xa publicitadas nun seminario internacional universitario celebrado en México recentemente.

Xusto premio Mariluz polo teu compromiso e por esa gran obra que é a Fundación Eduardo Barreiros –que xa cumpríu dezasete anos-, con fonda implicación en moitas actividades e eventos, que tan acertadamente dirixes incluíndo a súa faceta universitaria, do coñecemento, ou as conferencias internacionais onde fas vir a España para acompañarte e compartir as súas experiencias a persoeiros de talla universal como Giuliani, Tony Blair ou Mijail Gorbachov. E ahí está Ourense.

Pedagogía para que a xente coñeza ao Barreiros pioneiro, ao Barreiros emprendedor, ao Barreiros humano, ao Barreiros líder nato, a auténtica encarnación do “self made man”..

Ese Barreiros no que tamén ti tes moito que ver porque, e o sei por experiencia, moita da súa forza, da súa fe nas posibilidades, da súa entrega e compromiso procede do apoio da súa familia –da súa comprensión e do seu ánimo nos bos momentos e nos menos bos-..esa familia que é, nin máis nin menos, a plataforma perfecta para calquer proxecto personal.

Por iso esta provincia hoxe está de festa. Dende as augas termais de Monterrei, onde se imprimíu o primeiro libro en Galicia (en 1494) por certo, ata a estación de esquí de Manzaneda, ao carón dun monumento natural como o castiñeiro de Pumbariños, ao que contemplan máis de 1500 anos de idade.

Aproximadamente son mil cincocentos cos que conta San Pedro de Rocas, que tamén saúda este día coa forza do noso arte máis singular como o de Santa Comba en Bande ou a Capela de San Miguel en Celanova, sen esquecer o Santuario das Ermidas no Bolo ou a Eirexa da Veracruz no Carballiño. Dende os monumentos megalíticos en Muiños, o noso particular Stonehenge, ata o Mellor Parador de España, segundo vense de facer público, en San Estevo de Ribas do Sil, que tan ben coñeces.

E por suposto nesta Auria , no noso Ourense, o da Ponte Vella e as Burgas (todo ourensao exclama, con Calpurnia Abana, ninfa dunha inscrición votiva e primeira cidadana coñecida: civis romanus sumus), o Ourense da Capela dos Remedios –antes lugar de desafíos-, o das estatuas do Padre Feijóo, do Mouchiño de Quessada, da Leiteira de Ramón Conde, da de Blanco Amor de Xosé Cid...

O Ourense de Juan de la Cova, ese que dicía “cando me poño a escribir unha obra de teatro, sáeme sen querer unha Ópera”..o Ourense da voz ancestral de Faustino Santalices, o Ourense de Los Suaves, declarada a mellor banda de rock española do século XX, próxima Medalla de Ouro da Provincia, o Ourense da case centenaria Coral de Ruada que rematará esta



gala coa interpretación do noso himno oficial..Ourense no Solpor de Manuel de Dios...ése himno que remata con esa expresión tan emotiva: Ourense, patria do corazón.

O Ourense das denominacións de orixe –Ribeiro, Valdeorras, Monterrei, Ribeira Sacra- ...o Ourense de César Cachín que fai o viño co que brinda o Presidente dos Estados Unidos.

O Ourense líder en exportación de pizarra.

O Ourense dos Parques Naturais, o Ourense do pensamento político da Xeración Nós.

O Ourense da moda e do deseño.

Ese Ourense, de Maceda, do que saíu Joao de Nóvoa para descubrir a Illa de Santa Helena, onde morreu deportado Napoleón Bonaparte. Ese Ourense , de Xunqueira de Ambía, do que procedía Benjamín Suárez Estévez o director do laboratorio de fotografía en Cabo Kennedy cando o home chegou á Lúa en 1969-. Ese Ourense do que parte sempre a nosa Real Banda de Gaitas para espallar a nosa cultura dende a Gran Muralla Chinesa ata a Quinta Avenida neoyorquina pasando polo Cairo ou Sidney.

O Ourense de Pablo Rodríguez Guede, auténtica realidade mundial da bicicleta , gran aposta para ser Olímpico en Río o ano próximo...o Ourense de Víctor Prieto, virtuoso da acordeón, unha referencia no mundo do jazz, titulado en Berklee, the best en Manhattan...

O Ourense convidado a seminarios internacionais sobre visión e desenvolvemento territorial compartindo modelos con Bos Aires e Toronto, o Ourense de David Minimalia, guitarrista e compositor, nominado en tres categorías aos Hollywood Music in Media Awards, que hoxe se entregan no Henry Fonda Theater de Los Angeles. O Ourense do seu Festival de Cine que , en días, celebrará a súa vixésima edición. O Ourense onde veñen a preparar mundiais e olimpíadas as mellores seleccións nacionais de remo do mundo, dende Australia a Bielorrusia, que elixen as nosas maravillosas augas, as que fan de Ourense a provincia termal de España e o territorio con maiores posibilidades termais de Europa.

O Ourense da Veiga, un dos catorce mellores ceos do mundo para ver as estrelas, segundo a Fundación Starlight.

Porque “Ourense es mucho Ourense” como titulaba o noso Premio Nacional de Literatura, Alfredo Conde, seu artigo publicado en La Región o pasado 1 de novembro. Porque lo que cuenta es Ourense.

Ése é o Ourense no que creemos. Ese Ourense e esa Ourensanía que entende todo. Que non esquece. Ourensanía solidaria, que rexeita a miseria e o victimismo e pensa sempre en clave de futuro...ese futuro construído polos ourensáns de onte e que debemos preparar para que o sigan erguendo os ourensáns do mañá.

Esta provincia, esta Ourense, esta Ourensanía evidentemente feminina. Como a premiada deste ano. Como a ourensá Filomena Dato Muruais, escritora e pioneira do feminismo -considerada por Curros Enríquez “inmediata sucesora de Rosalía de Castro” e merecente, segundo Eduardo Blanco-Amor, da “mesma consideración de Sofía Casanova e Emilia Pardo Bazán”- .



Ourensáns e ourensás, sigamos espallando a Ourensanía. Porque a Ourensanía entende todo. A Ourensanía respira e latexa. A Ourensanía interpreta, plantexa e define. A Ourensanía pensa e fala. A Ourensanía ve, oe e sinte. A Ourensanía atópase en calquer lugar do mundo e ven a nós sen esforzo.

A Ourensanía traballa e programa, propón e decide. A Ourensanía debuxa e describe. A Ourensanía esculpe e pinta, baila e canta, ambiciona e constrúe. A Ourensanía habita aló onde haxa un ourensán que sabe que non hai cousa imposible porque así o amosaron ourensáns doutros tempos, e qué mellor exemplo que o de Eduardo Barreiros, un dos guías da oureñanía .

Moitas grazas.

Creo en Ourense.

Viva a Ourensanía!!!